



**BASES DA CONVOCATORIA ERASMUS+
MOBILIDADE DE ALUMNADO CICLOS MEDIOS E FP
BÁSICA
Marzo 2020 - XUÑO 2020**

Convocatoria de selección **ERASMUS+ 2019-2020**.

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA REALIZAR PRÁCTICAS EN PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+.

PROXECTO DE MOBILIDADE ERASMUS + 2019-2020.

“Next Station: Improving Professional Skills in Galicia III”

NÚM. PROXECTO: 2019-1-ES01-KA102-063732

CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel

Praza da Lexión, s/n

32002 Ourense

Teléfono: 988 788 470

cifp.carballeira@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/cifpcarballeira/>



BASES DA CONVOCATORIA

A Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa abre unha convocatoria para asignar bolsas de mobilidade para prácticas a alumnos/as de Ciclos Medios de Formación Profesional e FP Básica matriculados en calquera dos CIFP e IES participantes no proxecto e que queiran realizar un período de prácticas no estranxeiro.

Estes fondos, que proceden da acción clave (KA102) de Mobilidade de Estudantes de Formación Profesional do Programa ERASMUS+ e, xestionados pola Axencia Nacional (SEPIE) en España, están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa referido.

O proxecto consiste na realización dunha mobilidade de prácticas, NON REMUNERADAS, en empresas relacionadas cos estudos cursados nas familias profesionais ofertadas no Centro educativo.

A súa finalidade é proporcionar aos beneficiarios a oportunidade de ter unha experiencia formativa no ámbito laboral no estranxeiro, perfeccionar o coñecemento doutro idioma e coñecer outras culturas e modos de vida.

O Centro, apoiará aos alumnos/as, a través do Coordinador de Programas Internacionais, na procura de:

- Empresas ou institucións dispostas a participar no Programa de países da UE.
- Seguimento por parte da coordinación de programas internacionais.
- Asesoramento e guía en todo o período.

1. ASPECTOS XERAIS

Dirixido:

A alumnado de Grao Medio e FP Básica de segundo curso 2020 no Centro educativo, para a realización de prácticas en empresas no estranxeiro. O Centro proporcionará a xestión das bolsas ERASMUS+ e dos aspectos prácticos relacionados coa mobilidade nos países europeos adheridos ao programa. Por outra banda, o alumno seleccionado pode promover a realización de convenios con empresas do seu interese.

2. PERÍODO DE REALIZACIÓN E DURACIÓN:

Ciclos medios (79 días) e FP Básica (37 días), a realizar entre Marzo e Xuño de 2020.

3. ACHEGAS ECONÓMICAS PARA O ALUMNADO:

(80% ao inicio da mobilidade e o 20% restante ao finalizar)



	Países de destino	Importe (CICLOS MEDIOS 79 días)	Importe (FP Básica 37 días)
<u>Grupo A</u>	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido, Suecia	4258 €	2158 €
<u>Grupo B</u>	Alemania, Austria, Bélgica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	3663 €	1857 €
<u>Grupo C</u>	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, República Checa, Rumanía, Serbia, Turquía.	3147 €	1593 €

4. FORMACIÓN LINGÜÍSTICA

Segundo establece o Programa Erasmus+ o **alumnado seleccionado terá a obriga** de realizar unha formación lingüística no idioma de traballo do país asignado, independentemente do nivel acreditado no proceso de selección.

- Todo o alumnado fará una proba de nivel na plataforma online proporcionada pola Comisión Europea do idioma do país para o que foi seleccionado, ou no seu defecto en inglés.
- O alumnado, tras a proba de nivel, fará unha Formación on-line na devandita plataforma de acordo ao nivel obtido, excepto para aqueles que obteñan un nivel C2.
- Ao remate da mobilidade, todo o alumnado fará una Proba final on-line na mesma plataforma, excepto para aqueles que obteñan un nivel C2.

5. COMITÉ DE SELECCIÓN

- Presidente: Director
- Xefa do área de calidade, innovación e orientación profesional
- Xefe do área de formación
- Coordinador programas internacionais
- Xefa de información e orientación profesional

Nota: Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.



A asignación definitiva das prazas corresponderá á Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, logo da recepción da resolución de asignación proposta polo comité de selección do Centro.

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN E BAREMACIÓN DE CANDIDATOS/AS

O baremo acordado e aprobado polo Equipo Directivo xunto cos distintos xefes de departamento (Acta 2-2018/19 do 19 de outubro do 2018) para adxudicar as bolsas de axuda valorará os seguintes criterios:

A.- Entrevista [APTO/NON APTO]

Entrevista coa Xefe do departamento de información e orientación profesional do centro, referente o grado de madurez e motivación profesional.

Nota: Os solicitantes que trala entrevista sexan considerados “non aptos” non poderán acceder ás mobilidades. Será considerado NON APTO no acta de resolución.

B.-Informe de titoría e equipo docente [APTO/NON APTO].

O titor emitirá un informe coa opinión do equipo docente sobre a idoneidade para realizar a FCT no estranxeiro. Dito informe reflectirá a consideración de APTO o NON Apto para acceder a adxudicación dunha mobilidade.

Nota: Os solicitantes cun informe de “non aptos” non poderán acceder ás mobilidades. Será considerado NON APTO no acta de resolución.

C.- Competencia lingüística (non oficiais no estado español) [ata 4 puntos].

A competencia lingüística valorarase segundo os niveis cursados nas Escolas Oficiais de Idiomas ou polo Marco Común Europeo de referencia para as linguas.

Para o persoal non poida acreditar nivel de idioma e o solicite, faráselles unha proba de nivel deseñada e valorada polo Departamento Coordinación de Idiomas CIFP (nos idiomas inglés e francés).

- C2 (MERL) ou superior no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución con compromiso de acollida: **4 puntos**
- C1 (MERL) ou superior no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución con compromiso de acollida: **3 puntos**
- B2 (MERL) ou superior no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución con compromiso de acollida: **2 puntos**
- B1 (MERL) ou superior no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución con compromiso de acollida: **1.5 puntos**
- A2 (MERL) ou superior no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución con compromiso de acollida: **0.75 puntos**
- A1 (MERL) ou superior no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución con compromiso de acollida: **0.25 puntos**

D.- Expediente académico [ata 4 puntos].

Terase en conta as notas do 1º curso do Ciclo Formativo.

- Entre 7,00 e menos 8,00: 2 puntos
- Entre 8,00 e menos 9,00: 3 puntos
- Entre 9,00 e 10,00 : 4 puntos



E.- Presentación e idoneidade do “Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro” para a realización da mobilidade [ata 5 puntos]. (Idoneidade valorado polo departamento correspondente).

Poderá ser válido outro documento distinto o Anexo III da convocatoria sempre e cando o xefe de departamento e a comisión de selección considere dito documento como acreditativo da empresa o institución de acollida do solicitante.

Nota: en caso de empate na baremación final:

- 1º - En caso de empate terase en conta a maior puntuación no apartado D (Expediente académico).
- 2º No caso de manterse o empate, terase en conta a maior puntuación no apartado C (Competencia lingüística).
- 3º - No caso de manterse o empate procederíase a un sorteo.

7. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As persoas interesadas poden entregar a solicitude na secretaría do seu centro, dende o **4 ao 25 de novembro, antes das 14:00h.** O impreso de solicitude atópase no Anexo I desta convocatoria, ou ben se pode recoller na secretaría. Xunto co impreso de solicitudes entregarase:

1. Curriculum Vitae e carta de motivación no idioma do país de preferencia o no seu defecto inglés, seguindo o modelo europeo C.V. Europass
<https://europass.cedefop.europa.eu/editors/es/cv/>
2. Documentos acreditativos da competencia lingüística alegada.
3. Fotocopia do DNI.
4. Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo II desta convocatoria).

8. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O comité de selección constituído no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel baremará as solicitudes presentadas segundo os criterios reflectidos no punto 6.

O día 5 de decembro publicarase unha listaxe provisional na que recollerán as persoas beneficiarias seleccionadas para as prazas que teñen adxudicadas, por orde de prelación, e o alumnado/profesorado que queda en reserva, tamén por orde de prelación.

O centro abrirá un prazo para a presentación de reclamacións por parte dos/as solicitantes que finalizará o **13 de decembro.**

Finalizado o proceso de baremación, asignará as prazas ofertadas aos solicitantes, en función da puntuación obtida e, a continuación, elevará a proposta de asignación á Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, a quen lle corresponde a adxudicación definitiva.

Rematado o prazo de reclamacións, a dirección do centro resolverá e elaborará unha **listaxe definitiva** de solicitantes seleccionados e en reserva, asinada polo/a director/a e o/a secretario/a, que fará pública no taboleiro de anuncios do centro o **día 17 de decembro.**

O alumnado non seleccionado pasará a formar parte dunha listaxe de espera, ordenada igualmente, segundo os criterios anteriores.

Publicaranse no taboleiro de anuncios do centro, así como na páxina web, as listaxes da adxudicación de prazas proposta polo comité de selección do CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel, e as listaxes de espera; se por causa xustificada algún alumno/a seleccionado/a non puidese realizar a mobilidade, a vacante pasará a ser cuberta polo primeiro alumno ou alumna da listaxe de espera.



9. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

A percepción da bolsa de axuda adxudicada precisará:

- ✓ Aprobalos módulos que permitan o acceso a FCT.
- ✓ Cumprimento da normativa do convenio específico da mobilidade e do compromiso de calidade.
- ✓ Cumprimentalas probas de idiomas que lle competan.
- ✓ Cumprimentar e enviar o cuestionario UE o final da mobilidade (EU Survey).
- ✓ Presentar a documentación e certificados correspondentes ao final da mobilidade.

Nota: A percepción da axuda sempre irá ligada a existencia dunha empresa acorde e idónea para acoller o alumno e a realización das prácticas no período establecido.

Asdo.: D. Vicente Ribao Docampo

Director CIFP A Carballeira- Marcos Valcárcel de Ourense



ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE ALUMNADO CICLOS MEDIOS E FP BÁSICA PARA PRÁCTICAS (FCT NO EXTRANXEIRO) PROXECTO 2019-1-ES01-KA102-063732

DATOS DO/A CANDIDATO/A				
Apelidos		Nome		
Enderezo				
Teléfono 1		Correo electrónico		
DNI		Data de nacemento	Nacionalidade	
CURSO ACTUAL				
Ciclo				Bolsa do Ministerio de Educación Cultura y Deporte no curso 2018-19 <input type="checkbox"/>
IDIOMAS				
Idioma acreditado		Superior/B2 <input type="checkbox"/>	B1 <input type="checkbox"/>	Falante nativo/a <input type="checkbox"/>
Idioma acreditado		Superior/B2 <input type="checkbox"/>	B1 <input type="checkbox"/>	Idioma _____
Idioma acreditado		Superior/B2 <input type="checkbox"/>	B1 <input type="checkbox"/>	
Participación previa en mobilidades K102 ERASMUS+		Sí <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	
DATOS DA INSTITUCIÓN OU EMPRESA DE ACOLLIDA (só no caso de presentar "compromiso de acollida")				
Nome do centro			web	
Correo electrónico		Enderezo		
Persoa de contacto		País	Teléfono	
DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA				
<input type="checkbox"/> Curriculum Vitae e carta de motivación, seguindo o modelo europeo C.V. Europass. <input type="checkbox"/> Documentos acreditativos da competencia lingüística. <input type="checkbox"/> Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo II). <input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI.				
FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDE E SINATURA				
Pola presente solicito a miña participación no Programa Erasmus+ Next Station: Improving Professional Skills in Galicia III – Europa N.º proxecto 2019-1-ES01-KA102-063732. No caso de ser seleccionado/a, asumo a responsabilidade de realizar a estadia no centro de destino segundo a normativa correspondente, agás causa xustificada que me impida realizar a referida estadia.				
Sinatura			Data	Ourense a

Comisión de Selección de Mobilidades para prácticas de Ciclos Medios e FP Básica.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento.

A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, edificio administrativo de San Caetano, S/N, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.es.



Annex II

Training commitment

Name of the candidate:

Personal ID n°:

I,(name)....., as legal representative
 of the company
, with VAT
 number
 I committo welcoming
 (participant's
 name)as an unpaid work experience participant, within the
 Erasmus + Programme, in the period..... 2020.

FOR THE HOST ORGANISATION

Name:

Position:

Telephone:

E-mail:

Place / date:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea